




CONSIDERACIONES



CONSIDERACIÓNS

I.- Ao longo do ano 2005, a economía galega presentou unha taxa de crecemento económico algo por baixo do incremento medio estatal. O PIB real a prezos de mercado medrou en Galicia un 3,3%, unha décima menos que no conxunto do Estado, co que a importancia relativa da economía galega no total estatal mantense no mesmo nivel que en 2003 e 2004: 5,06%.

II.- Con todo, no período 2000-2005, o PIB real xerado pola economía galega medrou a un ritmo medio anual do 2,7%, cinco décimas por baixo do acontecido no conxunto do Estado. Estes datos indican un certo fracaso nos obxectivos do PEDEGA 2000-2006 xa que no que se refire a polo menos, igualar o crecemento medio da economía española, tan só se acadou no ano Xacobeo.

III.- Un ano máis o CES volve a destacar como feito pouco positivo que a converxencia da economía galega coa media de España se teña producido, fundamentalmente, polo comportamento demográfico. Dunha banda, sería preciso aplicar medidas dirixidas a unha medra progresiva da produtividade a través do aumento da dotación de capital físico e, sobre todo, do incremento e mellora do capital tecnolóxico e humano da economía. Doutra, é fundamental arbitrar medidas destinadas a incrementar o peso demográfico da comunidade autónoma.

4.- Canto ao incremento do PIB a prezos de mercado, hai que salientar o feito de que a construción segue sendo, ao igual que nos últimos anos, o sector máis dinámico da economía galega. Esta tendencia podería supor unha excesiva concentración do aforro e do endebedamento da sociedade galega no inmobiliario, en detrimento dos investimentos noutros sectores produtivos, en capital humano ou tecnolóxico.

5.- O CES avalía positivamente o feito de que por segundo ano consecutivo, as estatísticas reflectisen un crecemento do valor engadido bruto xerado no sector primario. Asemade, hai que salientar o feito da caída rexistrada tanto no número de persoas afiliadas ao réxime especial agrario, que en 2005 foi do 5,8% respecto ao ano anterior, coma no réxime especial do mar, cun descenso do 2,4%.

Se ben estas cifras poden ter unha avaliación positiva, dado que nos achegan aos países desenvolvidos do noso entorno, tamén conteñen unha interpretación de inquietude sobre a falta de consideración cara a unha boa parte das aportacións e funcións inherentes ao sector produtivo primario.

O CES chama a atención sobre o feito de que a contribución da agricultura e a selvicultura sobre a erosión, o réxime hídrico, o mantemento dos ecosistemas antropizados, a paisaxe, a cultura e as tradicións, os modos de vida e o medio ambiente no medio rural agrarios non veñen recollidos nas macro-magnitudes económicas (só reflicten a función produtivista do agricultor, gandeiro e selvicultor).

Todo isto unido a que a diminución de axudas europeas e a progresiva tendencia globalizadora dos mercados agrícolas, acentúa cada vez máis a fenda entre as contas de resultados dos dous grandes actores do sector: o produtor e a agroindustria. O CES considera necesario potenciar o asociacionismo e o cooperativismo, especialmente no rural, co obxectivo de salvar as explotacións que non teñen relevo.

6.- Dende o punto de vista da demanda, a actividade económica segue apoiándose na fortaleza da demanda interna, cunha achega de 4,8 puntos ao crecemento do PIB. Con todo, cómpre salientar que o sector exterior restou no derradeiro ano un punto e medio, cando en 2004 esta achega negativa fora tan só de cinco décimas.

O elevado déficit da balanza comercial galega no ano 2005, que se triplica en relación ao ano anterior, ven motivado non só polo persistente déficit experimentado no caso do sector enerxético, debido ao impacto negativo do incremento no prezo dos hidrocarburos, senón tamén polo saldo deficitario da balanza comercial dos sectores non enerxéticos considerados no seu conxunto. No último ano, a caída do superávit rexistrado no caso das manufacturas, influenciado pola caída en máis dun 50% do superávit da balanza comercial do subsector “materiais de transporte”, propicia que este non compense o déficit comercial dos sectores primario e de semimanufacturas.

7.- O devandito dinamismo da economía galega no ano 2005 veu acompañado polo incremento das tensións inflacionistas. O impacto da inestabilidade dos mercados petrolíferos nos prezos dos hidrocarburos, a maior achega da demanda interna, e a aceleración dos prezos dos produtos alimenticios e de bebidas non alcohólicas, determinaron a tendencia alcista da inflación. No mes de decembro de 2005, a taxa de crecemento interanual situouse, ao igual que no conxunto do Estado, no 3,7%, catro décimas máis que no ano anterior, ampliándose o diferencial de inflación coa media da eurozona.

8.- O CES considera necesario resaltar a insuficiente competitividade estrutural da economía galega, que se manifesta en importantes carencias, en comparación co conxunto do Estado, tanto no

que aos indicadores sintéticos de innovación se refire, como aos indicadores sintéticos de desenvolvemento empresarial. Asemade, cómpre salientar carencias importantes en aspectos de infraestruturas tecnolóxicas, de equipamento ou educativos.

Tendo en conta que un dos retos aos que se enfronta os diferentes gobernos, xunto aos de equilibrio orzamentario e crecemento sostible, debe ser o da competitividade, xunto ás medidas necesarias para incrementar e mellorar a nosa posición en termos de capital físico, tecnolóxico ou de capital humano, sería necesario, ademais, unha modernización da administración, simplificacións e mellora da calidade dos servizos.

EMPREGO

9.- Ao longo do ano 2005 entrou en vigor un cambio de metodoloxía en dúas das principais fontes estatísticas empregadas para a análise do mercado de traballo: EPA e paro rexistrado. Unha primeira implicación deste cambio é a dificultade de realizar comparacións con anos anteriores, polo que nesta Memoria non se empregan estas fontes dun xeito tan amplo coma en anos anteriores, e si se detén máis nos datos da Seguridade Social para analizar a evolución do mercado de traballo.

O CES considera que os cambios desenvolvidos na EPA non reflicten axeitadamente a realidade laboral galega, polo que son necesarias explicacións para superar esta situación. Asemade, constata os “cambios erráticos” que tivo o emprego en Galicia ao longo do ano 2005 atendendo aos datos do INE, e demanda un maior esforzo para incrementar o tamaño da mostra e para axustarse á dinámica socio-laboral galega.

10.- Como aspecto positivo do mercado de traballo galego, cómpre salientar o feito de que o incremento do número de afiliacións á Seguridade Social en 2005 medrara lixeiramente por riba do experimentado en 2004: 2,8% e 2,4%, respectivamente. Con todo, o CES salienta a dificultade da economía galega de crear emprego en comparación co conxunto do Estado. Galicia, cun incremento do PIB real semellante ao do conxunto de España, rexistrou un incremento do número de afiliacións á Seguridade Social moi inferior á media española (4,4% no ano 2005).

En opinión do CES, hai que destacar o feito de que o ritmo de xeración do emprego non é suficiente, e que aumentalo ha de ser un obxectivo prioritario que só se acadará cun maior dinamismo económico.

11.- Xunto á devandita dificultade na creación de emprego, e a pesar da conxuntura de crecemento económico, no último ano anótanse outros signos preocupantes tanto na dirección dun importante incremento no número de expedientes de regulación de emprego e de traballadores afectados polos mesmos, coma na medra dos “outros custos non salariais”. Nestes últimos inclúense non só as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social, senón tamén as percepcións non salariais, que son as retribu-

cións percibidas polo traballador coma compensación de gastos ocasionados pola execución do traballo ou para cubrir necesidades ou situacións de inactividade non imputables ao traballador.

Novamente, o sector naval e, especialmente, a comarca de Ferrolterra, foron os principais afectados polos procesos de regulación de emprego. Dos 2.213 traballadores despedidos por expedientes de regulación de emprego autorizados, case as dúas terceiras partes, o 63,9%, pertencen ao subsector de “fabricación doutro material de transporte”. Séguenlle, canto ao seu número, os da industria de “fabricación de maquinaria e material eléctrico” e os do subsector da “pesca e acuicultura”, co 11,7% e 8,1%, respectivamente.

1E.- Un ano máis hai que salientar o desigual comportamento dos grandes sectores económicos. Dunha banda, o sector primario, por mor basicamente da caída do emprego agrario, experimenta unha caída do 3,9% nas afiliacións á S.S., en tanto que o sector industrial, influenciado por descensos superiores ao 4% nas ramas de material de transporte e téxtil, presenta unha lixeira caída (0,2%). Doutra banda, a construción e os servizos experimentan unha medra do 4,5% e 4,4% nas afiliacións á Seguridade Social. Cómpre salientar o importante descenso do colectivo de parados “sen emprego anterior”, cunha caída do 10,9% en relación ao ano anterior.

1E.- Se tomamos unha foto fixa do acontecido no último ano (as devanditas modificacións dificultan as comparacións cos anos anteriores), Galicia presenta unhas taxas de actividade e ocupación inferiores ás estimadas para o conxunto do Estado. En Galicia a taxa de actividade foi do 53,0% e a de ocupación do 47,8%, sendo estas porcentaxes do 57,4% e 52,1% no mercado de traballo español.

Por contra, a taxa de paro galega, situouse no 9,9%, cando a media española foi do 9,2%. Este diferencial é moito máis acusado no caso das mulleres, cunha taxa de desemprego do 13,5%, un punto e tres décimas por riba da taxa estimada para España (a taxa de paro estimada para os homes foi do 7,2%, dúas décimas por riba da media española).

1I.- En opinión do CES, Galicia presenta unha elevada taxa de temporalidade, que en 2005 situouse 1,6 puntos por riba da media estatal, acadando a proporción de asalariados con contrato temporal o 34,9%. Mentres que entre os varóns, a taxa de temporalidade situouse no 33,5%, case dous puntos por riba da media estatal, entre as mulleres esta taxa acadou o 36,8%, 1,1 puntos porcentuais por riba da media de España. Asemade, cómpre salientar que no sector público galego a taxa de temporalidade feminino é once puntos superior ao rexistrado no caso dos homes: 31,4% e 20,2%, respectivamente.

O devandito problema da temporalidade agrávase se se ten en conta tanto a duración dos contratos temporais como o grao de rotación existente. Dunha banda, por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado catro de cada dez contratos temporais son contratos cunha duración indeterminada. Doutra, o 46,6% dos contratos cunha duración concreta, teñen unha duración inferior a un mes e un 45,6%, unha duración entre un e seis meses. Asemade, o número de contratos por persoa asalariada temporal mantense en 2,5.

Coma se reflicte na Memoria do ano anterior, o feito de que 35 de cada 100 asalariados galegos teñan relacións laborais non estables é algo socialmente preocupante. A elevada taxa de temporalidade non só é un custo para os traballadores e as súas familias, senón tamén para as propias empresas e o tecido produtivo. O que a curto prazo son vantaxes en termos de custos laborais e flexibilidade, a longo prazo pode supor menor produtividade e competitividade.

O CES fai notar que estes preocupantes resultados aconsellarían reconsiderar os programas e as axudas destinadas a corrixilos.

15.- A pesar da caída do paro rexistrado en Galicia en 2005, 2,7% respecto ao rexistrado no ano anterior (seis décimas por riba da media estatal), o CES considera necesario salientar a elevada importancia relativa do desemprego rexistrado en Galicia, que supón o 8,3% dos parados rexistrados en España. Este peso relativo adquire máis relevancia sobre todo se se ten en conta que a comunidade galega representa o 5,1% do PIB, o 5,6% das persoas afiliadas á Seguridade Social ou o 6,3% da poboación.

16.- O CES volta a suliñar a reducida importancia relativa no conxunto do Estado da poboación estranxeira residente en Galicia e do número de estranxeiros afiliados en alta laboral na Seguridade Social. Fronte ao 6,3% que representa a poboación galega no total estatal, o peso relativo da poboación estranxeira empadroada en Galicia foi do 1,9% e o do volume de estranxeiros afiliados á S.S. supuxo tan só o 1,7%.

Estes datos reflicten un síntoma máis da atonía relativa do mercado de traballo galego, que non actúa de atractivo coma noutras Comunidades Autónomas de España.

17.- A sinistralidade laboral segue sendo un grave problema no mercado de traballo, ao incrementarse novamente o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. En 2005, estes accidentes medraron un 1,6% (nove décimas menos que no ano anterior) situándose nos 48.041 accidentes. A pesar deste preocupante incremento (no último ano pásanse de 86 a 103 falecidos), o índice de incidencia laboral en Galicia descende ata os 56,9 accidentes por cada mil afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (60,1 accidentes de media en España).

18.- É necesario destacar que o mercado de traballo galego presenta indicadores, polo xeral, moi por baixo do cumprimento dos obxectivos intermedios fixados polo cumio de Lisboa para o ano 2005. Neste ano, Galicia sitúase máis de seis puntos por baixo dos devanditos obxectivos, de tal xeito que a taxa de emprego galego situouse no 60,7%, e a taxa de emprego feminino situouse no 50,7%, cando os obxectivos europeos para o ano 2005 eran do 67% e 57%, respectivamente. Pola contra, no caso da taxa de emprego correspondente ás persoas maiores, a taxa de emprego galega é 3,7 puntos superior á media española e 4,5 puntos superior á media dos vinte e cinco países da UE.

A Estratexia Europea de Emprego non establece un obxectivo cuantitativo no caso do desemprego, pero si lograr unha taxa "friccional" en 2010, entendida como o promedio dos tres mellores resultados por países. Neste senso, Galicia presenta taxas de paro moi superiores ao devandito promedio, sendo este diferencial especialmente significativo no caso das taxas de paro dos novos (case trece puntos por riba) e das mulleres (máis de nove puntos superior).

O CES considera que as medidas dirixidas á creación de emprego han de establecer, necesariamente, obxectivos cuantificables de cara aos vindeiros anos, co gallo de aproximarnos o máximo posible aos obxectivos europeos do ano 2010. Sobre todo, habería que incidir nas áreas de formación, especialmente no ámbito da formación permanente, e do mercado de traballo.



SECTOR PÚBLICO, BENESTAR SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

19.- Os orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma galega amosan unha lixeira mellora da capacidade de autofinanciamento, que acada no último ano o 44,1% do total dos seus recursos. Con todo, segue amosando unha forte relevancia dos recursos transferidos polo Estado e a Unión Europea, estando explicada esta polo menor desenvolvemento económico e, por conseguinte, por unha menor capacidade fiscal.

A pesar do lixeiro descenso da relación endebedamento/PIB, Galicia continúa sendo no último ano a terceira comunidade autónoma coa ratio máis elevada tras Cataluña e a C. Valenciana. O endebedamento galego representa o 7,4% do seu PIB, sendo esta porcentaxe do 6,2% no conxunto do Estado.

20.- Ao longo do ano 2005 rexistrouse unha medra do número de pensións contributivas e das prestacións por desemprego. Malia este aumento das prestacións por desemprego, as taxas brutas de cobertura en Galicia son sustancialmente inferiores á media española.

O CES quere chamar a atención no feito de que non só o importe medio das pensións contributivas en Galicia volven a ser as máis baixas do Estado, senón tamén que o diferencial co importe medio estatal volve a medrar. Esta tendencia pon de manifesto a existencia dun problema estrutural nas bases salariais de cotización, máis que reflectir o impacto das pensións máis baixas, que son as dos réximes agrarios ou autónomos.

Asemade, o CES considera positivo resaltar o descenso rexistrado no número de pensións non contributivas.

21.- En opinión do CES, é fundamental insistir na existencia de importantes déficits dos servizos de atención ás persoas maiores dependentes, que tradicionalmente están baseados nas propias familias. Estes déficits veñen reflectidos tanto no reducido peso relativo dos distintos servizos no total estatal en comparación coa importancia relativa da poboación galega maior de 65 anos, coma no escaso índice de cobertura.

En 2004, mentres que a poboación galega maior de 65 anos representaba o 8,0% da poboación española de máis de 65 anos, o número de centros de atención residencial en Galicia representaba o 2,5% e os centros de día, o 2,2%. Canto ao número de prazas, estas porcentaxes situáronse no 4,1% no caso das residencias de anciáns, e 2,4% e 3,9% no caso dos centros de día de financiamento público e xestión privada, respectivamente.

Este elevado déficit vese na relación das prazas ofertadas e a poboación que potencialmente pode demandar estes servizos. Así, a atención residencial presenta un índice de cobertura de 1,86 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos (3,65 no conxunto do Estado), mentres que no caso dos centros de día, esta relación foi de 0,08 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos (0,27 prazas de media en España).

22.- Vencellado á consideración anterior, e ao igual que na Memoria do pasado ano, hai que facer mención á asistencia aos nenos. A baixa taxa de natalidade explícase, en parte, pola súa deficiente capacidade de atención. Neste senso, a ampliación nos servizos prestados de gardería e outras fórmulas de asistencia á familia permitirían compatibilizar mellor a actividade laboral das persoas e a familia.

23.- Os incendios seguen sendo un dos principais problemas para a sociedade, tanto dende o punto de vista ambiental como económico e social. No ano 2005, Galicia acolleu o 45,6% dos lumes rexistrados en España, sendo o peso relativo da superficie afectada do 32,0%. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, fronte á medra do 12,8% no número de incendios, a superficie afectada polos lumes medrou un 79,1%, sendo este incremento do 118,5% no caso da superficie arborada.

Asemade, cómpre salientar a elevada concentración dos mesmos, xa que nos vinte e cinco concellos con maior número de lumes rexistráronse tres de cada dez incendios, sendo a superficie afectada o 20,8% da superficie total queimada polo lume en Galicia no ano 2005.

Dada a gravidade dos incendios, o CES volta a expresar a necesidade de abrir un amplo debate social sobre a problemática dos lumes, e que se considerara a política contra incendios forestais e de defensa do monte coma unha política de Estado, consensuada por todos os axentes sociais.

24.- Co obxecto de evitar, ou cando non sexa posible, reducir e controlar a contaminación da atmosfera, da auga e do chan, a Lei estatal 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, recolle a obrigatoriedade de notificar as emisións ás autoridades pertinentes, cando menos, unha vez ao ano. De acordo coa Directiva 96/61/CE, as instalacións disporán dun período de adaptación ata o 30 de outubro de 2007. Cómpre salientar que quedan exentas as instalacións empregadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

Ao longo do ano 2004 (último ano dispoñible), duplicouse en Galicia o número de complexos industriais contaminantes rexistrados no Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, que se situou en 48, o 2,5% dos centros españois contaminantes. O CES aconsella tomar as máximas medidas de precaución e control de eventuais emisións contaminantes.

25.- O nove de marzo de 2005 aprobouse a Lei 1/2005, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. O volume total de asignacións que cobren as 47 instalacións cuxas emisións foron inscritas (o 5,6% das instalacións inscritas no conxunto do Estado) foi de 14,7 millóns de toneladas de CO₂ (o 8,5% das asignacións en España), mentres que as emisións ascenderon a 17,3 millóns de toneladas (o 9,4% do total estatal). Isto é, Galicia presenta un balance negativo de 2,7 millóns de toneladas de CO₂.

26.- No ano 2004, o 24,6% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación. No sistema educativo español, este indicador de abandono escolar prematuro situouse no 31,7%, sete puntos por riba da media galega.

Asemade, malia a escasa presenza, en termos relativos, da poboación inmigrante en Galicia, en opinión do CES sería aconsellable dotar de ferramentas e recursos necesarios para axudar á súa integración.

27.- No que atinxe á sanidade, aspecto básico do benestar social, é necesario insistir na necesidade do control do gasto farmacéutico e da redución das listas de espera. Dunha banda, o gasto farmacéutico en Galicia derivado da receita oficial do Sistema Nacional de Saúde medrou no último ano un 6,6%, un punto porcentual máis que a media no conxunto do Estado. Doutra, a demora media da lista de espera estrutural cirúrxica (a 31 de decembro de 2005) ascendeu a 121 días.

Neste senso, en opinión do CES, sería necesario tanto un incremento dos recursos como unha mellora da xestión dos mesmos.

28.- Ao longo do ano 2005 voltan a empeorar as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade. Mentres que o prezo medio da vivenda libre incrementouse en Galicia un 14,5%, o custo salarial por traballador medrou en Galicia un 2,2%. Esta situación está a provocar un crecente endebedamento, que se reflicte en importes superiores e en maiores prazos de amortización.



DESENVOLVEMENTO REXIONAL

29.- Dada a nosa situación periférica con respecto aos mercados e aos déficits infraestruturais que aínda persisten en Galicia (ferroviarios e portuarios, fundamentalmente), e co obxectivo de incrementar a competitividade da economía galega e corrixir os desequilibrios territoriais, o CES volve a insistir na necesidade do cumprimento, en data, dos plans de infraestruturas que lle afectan.

Ao longo do período 2000-2004, o peso relativo do investimento do Estado en Galicia (4,7%) é claramente inferior ao noso peso poboacional e á achega do PIB galego ao total estatal.

30.- O sistema galego de innovación e desenvolvemento tecnolóxico experimenta en 2004 un incremento do predominio do esforzo público (universidades e administración pública). Ao longo do ano 2004 non só incrementa o peso relativo do gasto en I+D por parte do sector público, senón que tamén medra a importancia relativa do persoal empregado nestas actividades e do número de investigadores. No último ano, este sector concentra o 62,4% do gasto interno, así coma o 67,5% do persoal ocupado nas actividades de I+D e o 82,3% dos investigadores. O gasto en I+D por investigador ascendeu en Galicia a 65.060,39 euros, moi por baixo da media estatal, que é de 88.577,15 euros.

O CES considera que o sistema galego de I+D segue presentando importantes debilidades, así coma un significativo atraso en relación coa media europea e estatal. Dunha banda, a intensidade do gasto en I+D mantense ao mesmo nivel do ano anterior, acadando o 0,86% do PIB, cando a media estatal é do 1,12% e a europea do 1,90%. A mellora deste esforzo investidor debería realizarse de xeito máis equilibrado entre o sector público e privado.

Doutra, a pesar de que o peso relativo de mulleres universitarias supera o 50% e o de mulleres investigadoras o 40%, a súa presenza nos niveis superiores da investigación científica é moi reducida.

Asemade, a importancia relativa das exportacións de produtos de alta tecnoloxía no total das exportacións galegas é inferior ao 2% cando no conxunto do Estado esta ratio está próxima ao 6% e na Unión Europea por riba do 18%. Isto poría de manifesto a escasa capacidade para comercializar os resultados de I+D nos distintos mercados.

Tendo en conta o carácter esencial do desenvolvemento innovador e tecnolóxico para o crecemento económico rexional, o CES considera necesario reiterar a necesidade de facer da I+D unha estratexia e un desafío principal. Neste contexto, sería positivo demandar unha mellor distribución territorial do investimento en I+D en España, así como desenvolver non só unha importante infraestrutura de apoio á innovación senón tamén mecanismos de colaboración entre empresas, universidades e centros públicos de investigación. Ademais, é necesario protexer o coñecemento nas empresas, así coma potenciar a transferencia de tecnoloxía ás empresas ou mellorar o financiamento da innovación.

■ I.- En opinión do CES, e na liña do indicado en informes e Memorias anteriores, sería convinte o desenvolvemento de informes de avaliación da calidade das políticas e dos servizos públicos, co fin de propiciar os debates necesarios para propoñer medidas correctoras e recomendacións para a súa mellora. ■

INDICADORES DE CONTEXTO

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado

		Unidade de medida	Galicia		G/E (%)	
Superficie		(Km ²)	29.575		5,85	
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2004		2005	
Produción	PIB prezos mercado (p. correntes)	(en miles de €)	42.378.179	5,1	45.780.475	5,1
	agricultura e pesca		2.078.221	7,9	2.174.708	8,1
	industria		5.963.151	4,9	6.294.724	5,0
	enerxía		1.554.976	8,4	1.577.783	8,0
	construción		4.469.772	5,8	5.337.759	5,7
	servizos		23.870.761	4,7	25.629.451	4,7
Sector exterior	Exportacións	(en millóns de €)	10.498,7	7,1	9.914,8	7,9
	enerxéticos		227,0	4,1	477,5	7,2
	non enerxéticos		10.271,5	7,3	11.589,0	7,9
	sector primario		2.036,4	7,6	2.165,2	7,9
	semimanufacturas		1.167,0	3,3	1.370,9	3,5
	manufacturas		7.068,0	8,9	8.053,0	10,0
	bens de equipamento		5.270,8	8,6	5.963,7	9,6
	bens de consumo		1.797,3	9,9	2.089,2	11,5
	Importacións	(en millóns de €)	11.006,3	5,3	13.586,7	5,9
	enerxéticos		1.529,5	6,6	1.993,4	6,2
	non enerxéticos		9.476,9	5,1	11.593,3	5,8
	sector primario		2.477,8	8,6	2.692,0	8,6
	semimanufacturas		1.925,3	4,0	2.172,2	4,2
	manufacturas		5.073,8	4,7	6.729,1	5,8
	bens de equipamento		3.480,9	4,2	4.989,7	5,7
	bens de consumo		1.593,0	6,2	1.739,4	6,1
	Investimento estranxeiro	(en millóns de €)	391,1	2,1	190,0	1,1
	Investimento directo no estranxeiro	(en millóns de €)	480,6	1,0	693,7	2,6
Poboación			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			Rev. Padronal 01/01/2004		Rev. Padronal 01/01/2005	
	Poboación		2.750.985	6,37	2.762.198	6,26
	Poboación estranxeira		58.387	1,92	69.363	1,86
			Galicia	España	Galicia	España
			2004		2005	
	Movemento natural da poboación					
	Natalidade		7,61	10,65	7,79	10,73
	Mortalidade	(taxas por 1.000 habitantes)	10,53	8,71	10,82	8,92
	Nupcialidade		4,20	5,06	4,34	4,82
	Mortalidade infantil	(taxas por 1.000 nacementos)	3,15	3,99	3,40	4,12
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2004		2005	
	Matrimonios		11.373	5,3	11.785	5,6
	Nacementos		20.621	4,5	21.164	4,5
	Defuncións		28.540	7,7	29.376	7,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, ICEX e Ministerio de Economía y Hacienda

		Unidade de medida	Galicia		Galicia	
			2004		2005	
Converxencia	PIB por habitante		79,7		81,0	
	RFB por habitante				94,0	
	Indicador sintético de competitividade		88,2			
	I. S. Macroeconómico	(España = 100)	96,2		100,6	
	I. S. Laboral		90,9		91,8	
	I. S. Desenvolvemento empresarial		83,3			
	I. S. Infraestruturas e accesibilidade		98,9			
	I. S. Innovación		71,8			
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2004		2005	
Emprego	Enquisa Poboación Activa (EPA)					
	poboación total maior de 16 anos				2.366,0	6,5
	activos				1.254,8	6,0
	ocupados	(en miles de persoas)			1.130,1	6,0
	parados				124,8	6,5
	inactivos				1.111,0	7,2
	paro rexistrado		176.868	8,4	172.071	8,3
	Agricultura		4.895	9,5	4.938	8,3
	Industria		28.402	9,4	27.602	9,2
	Construción		19.475	8,2	18.896	8,2
	Servizos		95.642	7,6	95.293	7,6
	Sen emprego anterior		28.454	11,0	25.342	11,2
	Afilados á Seguridade Social		970.308	5,7	997.745	5,6
	R. Minería do carbón		116	1,0	89	0,9
	R. Xeral		686.944	5,3	711.283	5,3
	R. Especial Agrario		62.208	5,7	58.612	5,6
	R. Especial Empregados fogar		15.310	8,5	17.524	6,2
	R. Especial Autónomos		176.686	6,2	181.902	6,2
	R. Especial do Mar		29.044	39,0	28.335	38,9
	Contratos INEM		766.023	4,7	791.228	4,6
	Indefinidos		31.233	3,9	35.390	4,2
	Temporais		701.778	4,7	721.368	4,6
	Convertidos en indefinidos		33.012	5,4	34.470	4,9
	Empresas de traballo temporal					
	empresas		31	4,2	31	4,0
	contratos de posta a disposición		84.541	3,9	87.619	3,7
	Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo		47.283	5,4	48.041	5,4
	Leves		46.120	5,1	46.937	5,1
	Graves		1.077	9,0	1.001	9,4
	Mortais		86	8,0	103	9,4
	Agricultura		1.490	4,8	1.552	5,1
	Pesca		2.063	50,2	1.909	51,8
	Industria		15.528	6,3	15.522	6,4
	Construción		12.159	5,4	12.508	5,2
	Servizos		16.043	4,4	16.550	4,4
	Empresas existentes		185.722	6,1	191.642	6,0
	Persoas físicas		114.159	6,5	114.941	6,4
	S.A.		4.079	3,4	4.065	3,5
	S.R.L.		52.699	5,7	56.795	5,7
	Outras		14.785	5,8	15.841	5,8
	Sen asalariados		91.701	5,8	94.111	5,8
	micro-empresas (menos 10 trab.)		176.115	6,1	181.717	6,1
	pequena empresa (10-49 trab.)		8.422	5,4	8.662	5,3
	mediana empresa (50-199 trab.)		971	4,5	1.044	4,6
	gran empresa (máis de 200 trab.)		214	3,9	219	3,9
	Sociedades mercantis					
	constitución		6.223	4,7	6.492	4,7
	S.A.		71	3,2	91	4,2
	S.R.L.		5.684	4,6	6.024	4,6
	Outras		468	7,3	377	7,3
	Economía social					
	empresas		1.987	4,4	2.038	4,4
	traballadores		13.946	3,3	14.056	3,2
	Cooperativas					
	Sociedades		911	3,6	919	3,5
	Traballadores		8.515	2,8	8.360	2,7
	Sociedades laborais					
	Sociedades		1.076	5,5	1.119	5,5
	Traballadores		5.431	4,6	5.696	4,5

(1) Renda Familiar Bruta Dispoñible

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Funcas, INEM, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e Registro Mercantil Central

			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		Unidade de medida	2004		2005	
Construción	Licitación pública	(en millóns de €)	2.577,0	8,1	2.250,0	5,7
	Edificación		348,0	3,8	532,9	2,0
	Obra Civil		2.229,0	9,9	1.717,1	13,7
	Admon. Central		1.575,3	14,9	908,0	7,7
	Admon. Autonómica		682	6,4	870	7,1
	Admon. Local		320,0	3,1	471,6	3,1
	Consumo de cemento	(en miles de Tm.)	2.857,9	6,0	2.763,5	5,4
	Edificación e vivendas nova planta					
	Edificios a construír		6.746	3,7	7.283	4,0
	Vivendas a construír		32.520	6,0	32.400	5,9
	Superficie a construír	(en miles de m ²)	6.758	6,2	6.579	6,2
	Edific. e vivendas: rehabilitación					
	Edificios		1.825	5,7	1.516	4,9
	Vivendas creadas		1.312	6,2	1.204	6,2
	Edific. e vivendas: obras demolición					
	Edificios		711	4,0	682	3,5
	Vivendas		1.550	7,0	1.237	5,4
Turismo	Viaxeiros chegados		3.675.988	5,5	3.530.983	5,0
	residentes en España		3.089.136	7,9	2.898.258	7,0
	non residentes en España		586.852	2,1	632.725	2,2
	Pernoctacións		7.873.960	3,4	7.565.503	3,1
	residentes en España		6.736.019	6,7	6.351.739	6,0
	non residentes en España		1.137.941	0,8	1.213.764	0,9
Transportes	Transporte urbano	(en miles)				
	viaxeiros en autobús		57.771	3,4	58.562	3,4
	Transporte por estrada	(en miles de Tm.)				
	mercadorías		92.113	6,9	96.755	6,5
	Tráfico portuario (2)					
	pasaxeiros		145.758	0,6	168.926	0,7
	mercadorías		30.783.585	7,5	32.140.626	7,3
	graneis líquidos		8.531.816	6,2	9.784.467	6,7
	graneis sólidos	(en Tm.)	15.150.741	14,4	15.016.428	13,2
	mercadoría xeral		5.812.974	3,8	6.151.877	3,7
	pesca fresca		118.007	50,0	120.071	51,7
	avituallamento		628.776	6,4	645.987	6,4
	Tráfico aéreo					
	aeronaves		39.001	2,2	50.193	2,7
	pasaxeiros		3.026.720	1,8	3.745.321	2,1
	mercadorías	(en Kg.)	6.507.526	1,0	5.591.316	0,9

(2) tráfico nos portos de interese nacional

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Ministerio de Economía y Hacienda, Renfe, AENA, Ministerio de Fomento e Puertos del Estado

		Unidade de medida	Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2004		2005	
Sector público	Débeda acumulada	(en millóns de €)	3.265	6,3	3.381	6,0
	Recadación dos principais impostos estatais	(en millóns de €)	4.571,2	3,2	4.990,6	3,1
	Capítulo I - Impostos directos		2.852,8	3,8	3.231,5	3,6
	Imposto s/ a renda das persoas físicas		1.808,8	3,8	1.984,3	3,6
	Impostos sobre sociedades		1.015,6	3,9	1.214,5	3,7
	Imposto sobre a renda de non residentes		27,2	2,0	28,9	2,1
	Imposto sobre o patrimonio		1,0		1,1	
	Resto Capítulo I		0,2	0,4	2,6	4,2
	Capítulo II - Impostos indirectos		1.690,2	2,6	1.730,7	2,4
	Imposto sobre o valor engadido		1.564,7	3,5	1.581,8	3,2
	Impostos especiais		54,1	0,3	63,2	0,4
	Imposto s/ primas de seguros		1,0		1,2	
	Tráfico exterior		70,3		84,5	
	Cotización e exacción de azúcar e isoglucosa		-			
	Resto Capítulo II		0,2	0,0	0,0	0,0
	Capítulo III - Taxas e outros ingresos		28,2	2,4	28,4	2,1
	Taxas de xogo		0,1		0,1	
	Outras taxas		1,3		1,5	
	Recargo de apremio e outros		12,1		11,6	
Intereses de demora		9,0		6,6		
Sancións tributarias		5,7		8,7		
Protección social	Pensións contributivas		685,4	8,7	689,6	8,6
	incapacidade permanente		61,0	7,5	62,6	7,5
	xubilación	(media anual)	428,3	9,3	428,5	9,2
	viuvez	(en miles de pensións)	170,3	8,0	173,0	8,0
	orfandade e favor familiar		25,8	8,4	25,5	8,4
	Importe pensións contributivas		82,9		83,0	
	incapacidade permanente		84,8		85,1	
	xubilación	(media anual)	81,1		81,2	
	viuvez	(España = 100)	83,7		83,7	
	orfandade e favor familiar		96,8		97,4	
	Pensións non contributivas	(media anual)	54.434	11,1	53.685	11,1
	invalidez		21.325	10,3	20.923	10,2
	xubilación		33.109	11,8	32.762	11,7
	Beneficiarios LISMI	(media anual)	3.480	4,9	3.136	4,9
	Prestacións asistenciais	(media anual)	273	0,7	165	0,5
Prestacións por desemprego	(media anual)					
beneficiarios totais		75.092	5,9	78.625	6,1	
contributivas		41.110	6,2	43.470	6,3	
subsídios		29.556	5,3	29.977	5,4	
Renda Activa de Inserción		4.426	11,3	5.178	10,4	
Servizos Sociais a maiores dependentes	Poboación maior 65 anos		586.458	8,0		
	Axuda a domicilio	(en nº usuarios)	11.220	4,9		
	Servizo público de teleasistencia	(en nº usuarios)	3.944	2,6		
	Fogares e clubs para maiores	(en nº asociados)	227.500	6,4		
	Centros de día					
	públicos e mixtos		25	2,2		
	privados e mixtos		23	2,2		
	prazas de financiamento público		467	2,4		
	prazas d'exestión privada		843	3,9		
	Centros residenciais					
	Centros totais		123	2,5		
	públicos		31	3,1		
	privados		92	2,4		
	Prazas totais		10.887	4,1		
	públicas		3.201	4,9		
concertadas		1.676	3,5			
privadas		6.010	3,9			

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco de España, Agencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e IMSERSO

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *INE, Ministerio de Fomento, SGAE e Ministerio de Educación y Cultura*

		Unidade de medida	Galicie	G/E (%)	Galicie	G/E (%)
			2004		2005	
Infraestruturas	Lonxitude rede de estradas	(en quilómetros)	79203	12,1		
	A cargo do Estado		2258	9,0		
	Estradas dunha calzada		1526	9,5		
	Estradas de dobre calzada		73	9,9		
	Autovías e autoestradas libres		395	6,3		
	Autoestradas de peaxe		264	12,2		
	A cargo dos Entes Territoriais		15189	10,8		
	Comunidade Autónoma		5295	7,5		
	Deputación		9894	14,2		
	Red viaria municipal		61756	12,6		
Investigación e desenvolvemento tecnolóxico	Gastos internos totais en I+D	(en miles de €)	366.290	4,1		
	Sector privado		137.692	2,8		
	Sector público		228.598	5,6		
	Persoal total		8.286	5,1		
	Sector privado		2.695	3,8		
	Sector público		5.591	6,2		
	Investigadores		5.630	5,6		
	Sector privado		995	3,1		
	Sector público		4.635	6,7		
	Indicadores alta tecnoloxía					
	Emp. manufactureiras media-alta tecnoloxía		1.304	5,8		
	Cifra de negocios	(en miles de €)	8.826.929	5,6		
	Valor engadido	(en miles de €)	1.630.351	4,4		
	Ocupados	(en miles de persoas)	49,9	5,7		
	Proxectos aprobados polo CDTI					
	Nº proxectos		4	0,5	15	1,9
	Aportación CDTI		2.445,6	0,7	9.570,1	2,1
	Presuposto total	(en miles de €)	4.778,5	0,7	17.048,8	1,9
	Solicitude de patentes					
	Vía nacional		110	3,8	129	4,3
	Vía europea		7	2,0	5	1,3
	Patentes PCT		24	3,5	27	3,0
	Solicitude de modelos e debuxos industriais		166	4,4	197	4,3
	Solicitude de marcas		2.343	4,4	2.793	5,1
	Solicitude de nomes comerciais e rótulos de establecementos		162	4,1	298	5,9

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INE, Renfe, Ministerio de Fomento, Oficina Española de Patentes y Marcas